

# CONCURSO DE RELATOS CURTOS

## 50 ANIVERSARIO DA FOLGA XERAL DE 1972 EN VIGO

A Unión Comarcal de CCOO de Vigo convoca un concurso de relatos curtos e testemuños con motivo do 50 aniversario da Folga Xeral de 1972 en Vigo. O propósito é difundir o papel fundamental da clase obreira na conquista das liberdades, a fin da ditadura e a construción dun mundo máis xusto e igualitario.

### BASES

1. A participación será libre e aberta con relatos inéditos.
2. Só se admitirá un relato por concursante. O relato estará centrado no marco da folga xeral de Vigo de 1972.
3. Presentarase mecanografado en letra Times New Roman, corpo 12, a dobre espazo e por unha soa cara.

A extensión non será superior a tres folios.

As persoas premiadas deberán acudir ao acto da entrega de premios, salvo impedimento debidamente xustificado.

4. O xurado, presidido por Xesús Alonso Montero, estará integrado por outros expertos; os seus nomes daranse a coñecer no momento de facer pública a súa decisión.
5. As obras presentaranse antes do día 22 de xullo, por correo electrónico na conta [concursoccoovigo@galicia.ccoo.es](mailto:concursoccoovigo@galicia.ccoo.es)

Figurará o nome e apelidos do autor ou autora, o seu enderezo postal, un teléfono de contacto e o arquivo adxunto co relato presentado, asinado con pseudónimo.

6. O xurado comunicará o día 16 de setembro de 2022 as obras seleccionadas como finalistas. Previamente, informará as persoas premiadas.

As decisións que adopte o xurado constarán na acta correspondente e serán inapelables.

7. Para a toma en consideración da obra presentada, as/os participantes deben ceder voluntariamente os dereitos de autor/a dos relatos seleccionados polo xurado designado nestas bases para o seu uso en contidos relativos á Folga xeral de Vigo de 1972, dos que só poderá facer uso a Unión Comarcal de CCOO de Vigo. No caso de non existir cesión voluntaria de dereitos da obra en prazo, entenderase que non se cumpre con todos os requisitos establecidos nas bases, e polo tanto, non poderá participar no concurso.
8. A participación neste concurso supón a aceptación íntegra destas bases.
9. Calquera punto non previsto nas bases deste concurso de relatos curtos será resolto segundo o criterio do xurado.

## **PREMIOS**

O **premio** é a publicación dos relatos seleccionados como finalistas no libro *50 Aniversario da Folga Xeral de Vigo-72*.

Concederáse un primeiro premio de 200 euros e un segundo premio de 100 euros.

Os relatos que, pola súa calidade, sexan recoñecidos con mención especial non recibirán premio económico pero formarán parte da edición do libro e daráselle a difusión correspondente.